

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2014.

En Abegondo, a 31 de marzo de 2014 sendo as 19.15 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

Asistentes:

- o D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e Comarca).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- o D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- o Dna. Carmen Borobio Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de educación, emprego e comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María Núñez Regueiro, Concelleira de Facenda, Emprego e Réxime Interior do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Diego Miranda Barrós. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas
- Dna. Beatriz Suárez Sánchez. Enxeñeira de Montes. Bolseira en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela)

 A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. José A. Santiso Miramontes, Presidente. Actúa de secretario o representante do Concello de Oleiros, Rodrigo López Piquín, por ter que ausentarse a Secretaria ás 20.00 horas.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta anterior do 13 de xaneiro de 2014.

2 RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

2.1. CONCURSO DE IDEAS PARA PROPOÑER O LOGOTIPO DA RESERVA. VISITA A CENTROS ESCOLARES. BORRADOR BASES.

Diego López toma a palabra para presentar a través dun powerpoint a proposta de Bases deste concurso de ideas, que xa foron enviadas previamente a todos os membros da Xunta Directiva, e que ten como obxectivo o deseño dun logotipo que sirva como posible imaxe da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, non só na difusión de información da Reserva e nas súas actividades, senón que tamén podería ser imaxe dos produtos e servizos que se agrupen nunha futura Marca de Calidade da Reserva.

As propostas presentáranse en formato dixital vía correo electrónico, no seguinte correo: concursologoreserva@gmail.com, poñendo como asunto “Concurso de ideas logo”. A data límite para recepción das propostas será o día 30 de xuño de 2014.

A Xunta Directiva acorda que o xurado estea composto polas seguintes persoas:

1. D. José A. Santiso Miramontes. Presidente Consello de Dirección da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
2. D. Cesar Longo Queijo. Vicepresidente do GDR “Mariñas – Betanzos”.
3. Dous membros do Comité Científico da Reserva de Biosfera (Jerónimo Puertas e Juan Castro)
4. Seis membros do Comité Executivo da Reserva da Biosfera:
 - o Mesa do Sector Institucional: D. Carlos Vales Vázquez. Ceida
 - o Mesa do Sector do turismo e hostalería: D. José Soto Martínez. Asociación Turismo Sostible de A Coruña
 - o Mesa do Sector Agrario, Gandeiro e Cooperativo: D. Antonio Buyo Mosquera. Asociación de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca.
 - o Mesa do sector da Pesca, Marisqueo e Acuicultura: Dna. María José Crespo Fraga. Confraría de Pescadores de Miño.
 - o Mesa do sector Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, ANPAS: D. José Juan Rico Rodríguez. Val de Aranga Asociación.
 - o Mesa do sector Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, ANPAS: D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro. Cultura Aberta de Carral.

Infórmase aos asistentes que a entidade colaboradora nos premios, tamén participará como xurado do Concurso, ademais de participar no acto oficial de entrega de premios ás tres persoas gañadoras.

2.2. REUNIÓN CONSELLO DE XESTORES E SEMINARIO SOBRE OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO DE PROXECTOS NO NOVO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2014-2020.

Celebrarase os días 10 e 11 de abril no Pazo de Mariñán (Concello de Bergondo). O primeiro día terá lugar a reunión do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas de Biosfera, á que está previsto que asistan os Xestores de todas as Reservas de Biosfera Españolas, así como o equipo técnico do Programa MaB en España. Aproveitarase esta reunión para celebrar unha xornada técnica de título “Territorios e marcas de calidade”

O venres día 11 celebrarase o Seminario sobre “Oportunidades de financiamento de proxectos no novo período de programación 2014-2020” do que se espera que sexa un foro de debate para que as Reservas de Biosfera Españolas e outras entidades implicadas no desenvolvemento rural, identifiquen os principais retos e oportunidades que se presentan neste novo período de programación 2014-2020 encamiñadas a mellorar a competitividade territorial, a calidade de vida das poboacións, a mellora ambiental e dos recursos naturais, e no fomento da “Economía Verde”.

2.3. COMITÉ CIENTÍFICO DA RESERVA DA BIOSFERA

O pasado 21 de Febreiro de 2014, tivo lugar en Betanzos a reunión da Comisión de posta en marcha do Comité Científico da Reserva de Biosfera, na que teñen participado:

1. D. Juan Fernando Castro Insua, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
2. D. Jerónimo Puertas Agudo, Universidade da Coruña.
3. D. Rafael Crecente Maseda, Laboratorio do Territorio – Universidade de Santiago de Compostela.

4. D. Venancio Salcines Cristal, Escola de Finanzas.
5. D. Carlos Vales Vázquez, Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida).
6. D. José A. Santiso Miramontes, Presidente Consello de Dirección Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
7. D. Jorge M. Blanco Ballón, Xestor da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
8. D. Diego Miranda Barrós, Técnico da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Excusou a súa presenza D. Pablo Ramil Rego, Universidade de Santiago de Compostela.

Entre os acordos adoptados están os seguintes:

- Poderán ser membros do Comité Científico aqueles especialistas que teñen sido propostos ben polo Consello de Dirección ou ben por iniciativa das entidades da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolven actividades de I+D+i coherentes cos obxectivos das Reservas de Biosfera
- Os membros do Comité Científico serán persoas de recoñecida solvencia (doutores con experiencia investigadora, publicacións científicas, etc.) adscritos a Universidades, Centros de Investigación e Centros de Transferencia Tecnolóxica, ou calquera outra entidade de carácter científico, relacionada cos obxectivos da Reserva de Biosfera e acordos coas funcións establecidas para o propio Comité.
- Os membros do Comité Científico serán designados polo Consello de Dirección da Reserva de Biosfera “MCeTM”, a proposta da Presidencia.
- Os cargos de membros do Comité Científico terán unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos.

Acordouse propoñer a 4 persoas máis, empezando a traballar 10 membros:

- D. Enrique Sáez Ponte, Presidente da Fundación Juana de Vega.
- D. Francisco Diaz-Fierros, Investigador e profesor da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. Andrés Precedo Ledo, Investigador e profesor da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. Francisco Javier Sanz Larruga, Director do Instituto de Estudos do Litoral da Universidade da Coruña.

A representante de Roxín Roxal, Sabela Iglesias, bota en falta a participación no Comité Científico das áreas sociais e humanidades, así como de mulleres.

Enviarán un correo electrónico con nomes de persoas que se poderían invitar a participar.

2.4. PROXECTO PILOTO SINALIZACIÓN EN VÍAS DE COMUNICACIÓN

Convenio co Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN) para posta en marcha dun proxecto de sinalización da Reserva de Biosfera

Desde o OAPN teñen trasladado a posibilidade de establecer un convenio de colaboración coa Reserva de Biosfera, co obxectivo de desenvolver un proxecto piloto de sinalización nas principais redes viarias da Reserva.

Neste sentido, teñen sinalado que a aportación podería ser económica e en especie, polo mesmo importe que a aportación do OAPN (non superior a 50.000€).

Por outro lado, dito convenio non se pode establecer cunha asociación sen ánimo de lucro, como Mariñas-Betanzos, senón que debe ser a través dunha Administración Local ou Consorcio.

Entre as principais entradas viarias na Reserva, téñense identificado estes posibles puntos para a súa sinalización: A6 en Curtis; AP9 en Abegondo; AP9 en Miño; AG55 en Arteixo; N550 en Carral.

O custe previsto, segundo os datos facilitados polo OAPN, sería:

CONCEPTO	IMPORTE
Sinalización Autovía/Autoestrada (4 uds.)	24.200,00 €
Sinalización Estrada (1ud.)	3.630,00 €
Redacción proxecto e dirección	3.000,00 €
IMPORTE TOTAL	30.830,00 €

Os membros da Xunta Directiva propoñen tamén avaliar os seguintes puntos para a súa sinalización: N651 Estrada Ferrol; C552 Estrada Carballo-Arteixo, no límite coa Laracha; Estrada Melide-Curtis N634; Na saída do Aeroporto de Alvedro en Culleredo; Estrada A6 Vilalba – Betanzos.

A aportación do OAPN podería chegar a 15.415,00€. Tense trasladado ao Consorcio As Mariñas a petición de representar neste proxecto á Reserva e aportar a cofinanciación.

Debido a que este Convenio co OAPN para a sinalización non pode ser formalizado cunha asociación sen ánimo de lucro como a Asociación “Mariñas – Betanzos”, acórdase dar o poder de representación da Reserva para este convenio ao Consorcio de As Mariñas, entidade que forma parte do Consello de Dirección da Reserva, e reúne as condicións de entidade local.

O outro 50% restante podería financiarse polo Consorcio de As Mariñas dende o Programa LEADER Mariñas – Betanzos e dende o GDR Ulla Tambre Mandeo.

O Presidente informa aos asistentes que dará traslado ao Consorcio de As Mariñas deste proxecto.

2.5. PROXECTO DIFUSIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA

Diego López, toma a palabra para presentar a través dun powerpoint as actividades de difusión previstas dentro da Reserva da Biosfera, que se farán en colaboración co proxecto da Fundación Biodiversidade e o CEIDA.

2.5.1. DIVULGACIÓN DA RESERVA NOS CENTROS EDUCATIVOS

- Elaborarán desde o Ceida materiais en PPT + DVD e unha GUÍA DE RECURSOS para difundir nos colexios, ao tempo que se presenta o Concurso.
- Presentacións nos colexios da Reserva da Biosfera.
- Organizaríase tamén unha Xornada cos medios de comunicación, prevista para xuño, despois de aprobar o Plan de xestión (2013-2017). Presentaríase o Plan de xestión, as actuacións en marcha, o concurso do logo... -

2.5.2. EQUIPAMENTOS DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL E PATRIMONIO:

Obxectivo: artellar un discurso común na Reserva.

O CEIDA elaborará un listado de equipamentos cos que traballar.

Faríanse 2 reunións con persoal dos Centros de Interpretación: unha para traballar na Diagnose e outra para PROPOSTAS.

O Concello de Arteixo ten plantexado a posibilidade de solicitar un expediente LEADER para a tematización da Aula da natureza coa Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Deste xeito poderían tematizarse os materiais comúns ao resto de centros públicos de Interpretación do territorio.

O representante de Cultura Aberta de Carral, Lois A. Ferreiro, propón aos asistentes que o material que se elabore poida estar supervisado pola Xunta Directiva do GDR Mariñas – Betanzos e polo Comité Científico da Reserva da Biosfera. O representante do Concello de Arteixo ve interesante esta proposta.

2.5.3. TRABALLO CO TECIDO SOCIO-ECONÓMICO:

Dende o CEIDA identificarán o tecido socioeconómico con bases de datos.

Organizarase unha reunión con Axentes e organizacións turísticas para: presentar a Reserva, Plan de Xestión, entregar materiais, promocionar os produtos locais.

2.5.4. XORNADA COAS FUNDACIÓNS, co obxectivo de: presentar Plan de xestión, presentar actuacións en marcha, invitalos ao Comité de Participación.

2.6. PROXECTO “ATERRA EN AS MARIÑAS”

A continuación, a técnico da Universidade de Santiago, Beatriz Suárez, presenta a través dun powerpoint esta proposta de proxecto aos asistentes.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos leva a traballar dende o ano 2011 na inserción laboral no eido agrario de persoas en situación de desemprego a través dos Programas Integrados para o Emprego promovidos pola Consellería de Traballo e Benestar.

Esta Xunta Directiva ten manifestado a necesidade de afondar nas oportunidades de emprego que representan estes sectores no noso territorio, sempre dende a óptica do respecto medioambiental.

A experiencia recollida grazas ao contacto diario co alumnado e as persoas emprendedoras nos ten permitido coñecer as súas principais necesidades e problemas de cara a poder materializar os seus proxectos. Entre estas eivas reflíctense de maneira moi destacada as dificultades de acceso a terreos de produción así como os investimentos necesarios para o establecemento de estruturas para a produción agrícola.

Proponse a formulación deste proxecto, co obxectivo da posta en valor das terras mediante a produción con variedades e razas autóctonas e produtos vinculados ao territorio da “Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, fomentando a creación de emprego no sector agroalimentario e o consumo responsable de produtos locais.

Obxectivos específicos:

1. Promover a produción ecolóxica, de variedades e razas autóctonas.
2. Mobilización produtiva de terras abandonadas para contribuír a frear a erosión e a perda de solo produtivo, protexendo a biodiversidade e conservando a paisaxe.
3. Identificación, apoio e acompañamento a novos emprendedores do sector agroalimentario.
4. Reforzar a competitividade das explotacións agrarias e das redes de distribución local.
5. Mellorar a gobernanza do modelo agroalimentario local.
6. Fomentar o consumo saudable, responsable e sostible.

A Xunta Directiva acorda que se siga traballando neste proxecto, solicitando axudas para conseguir fontes de financiamento necesarias (Fundación Biodiversidade, Life e Interreg) nomeando ao Presidente interlocutor para tramitar estas solicitudes.

Dende Mariñas-Betanzos proponse a instalación de invernadoiros de xeito “piloto” que facilitasen a incorporación á produción hortícola ecolóxica, precisándose os terreos nos que radicar as devanditas estruturas. É por elo que o pasado 11 de marzo se remitiu un escrito de solicitude de colaboración aos concellos da Reserva para estudar a posibilidade de instalación destes invernadoiros en terreos municipais (de 1,5 hectáreas de superficie), susceptibles de ser cedidos á Asociación Mariñas-Betanzos para o obxecto pretendido e que puidesen iniciar a actividade novos agricultores.

Resultados obtidos

No momento actual se ten obtido resposta por parte dos seguintes concellos:

- 13/03/2014. Concello de Sada: resposta vía correo electrónico na que indican que dispoñen de parcelas coas características descritas na solicitude, (1,5 ha. no colexio).
- 13/03/2014. Concello de Curtis: resposta vía telefónica solicitando máis datos sobre a tipoloxía de parcelas de cara a proceder á procura das mesmas dun xeito máis concreto. Facilitáronse os datos pedidos e quedaron en volver a poñerse en contacto.
- 13/03/2014. Concello de Sobrado: resposta vía correo electrónico indicando a dispoñibilidade dunha parcela de máis de 2 ha con aptitude a priori para o uso indicado.

A Xunta Directiva acorda solicitar un expediente LEADER para montar 5 invernadoiros piloto, tanto no GDR “Mariñas – Betanzos” como no “Ulla Tambre Mandeo” se fose necesario.

Toma a palabra o representante de Cultura Aberta de Carral, Lois A. Ferreiro, propón que para visualizar a Reserva da Biosfera podería adquirir un edificio antigo simbólico, que puidese ser a sede da Reserva, buscando fondos públicos para sufragar este coste.

O Presidente informa tamén, que se está intentando negociar coa Xunta de Galicia a posibilidade de que cederán as antigas instalacións do LIGAL en Bos (Concello de Bergondo) ao Consorcio de As Mariñas, e no caso de que fora para diante podería plantexarse a posibilidade de crear un viveiro de empresas.

3.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

3.1. APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS PROGRAMA LEADER (período 2014-2015)

Dado que na actualidade a Asociación Mariñas-Betanzos non conta con suficientes proxectos para comprometer os fondos asignados para as anualidades 2014-2015, proponse a apertura da convocatoria de solicitude de axudas do Programa Leader con data 1 de abril de 2014.

3.2. NOVO RÉXIME DE AXUDAS DO PROGRAMA LEADER.

O novo réxime de axudas do Programa LEADER terá vixencia para novas solicitudes de axuda. Enviouse este novo documento a todos os membros da Xunta Directiva.

3.3. PROPOSTA DE LIMITACIÓNS PROXECTOS LEADER.

Límite de axudas para proxectos produtivos: 40.000.-€

A Xunta Directiva acorda este novo importe para os proxectos produtivos e que sexa comunicado a AGADER.

Novas limitacións nos criterios para a selección e priorización de proxectos no Programa Leader da Asociación Mariñas-Betanzos:

- Proponse manter a exclusión de proxectos produtivos nos polígonos, coa proposta de excepción de actividades do sector agroalimentario incluídas nos seguintes epígrafes do I.A.E.:

- A. Industrias de produtos alimenticios e bebidas
- B. Industrias de outros produtos alimenticios, bebidas e tabacos.

- Proposta de actividades a excluír en todo o territorio como subvencionables:

Proxectos de creación, ampliación e modernización das seguintes actividades deportivas:

- A. Campos de Gof, mini Golf e asimilados.
- B. Ximnasios.
- C. Padel, tenis e frontón.

Límite de axuda para proxectos non-productivos: 140.000 euros.

A Xunta Directiva acorda aprobar estas limitacións e que sexan comunicadas a AGADER para a súa autorización definitiva, sendo efectivas dende o día 1 de abril.

3.4. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

3.4.1. CREACIÓN CLÍNICA VETERINARIA EN ABEGONDO L11-413-29-154.

Con data 21 de decembro de 2011, a entidade promotora do proxecto, FRAGA PIÑEIRO S.C., solicitou unha axuda para unha clínica veterinaria no Concello de Abegondo, especializada na atención de cans e gatos e ofrecendo ademais un servizo de perruquería. Non descarta ofertar outros servizos veterinarios.

Na actualidade non existe ningunha clínica veterinaria no Concello de Abegondo e a instalación dunha clínica ofrecerá un novo servizo aos cidadáns do territorio.

A entidade promotora é a sociedade civil “Fraga Piñeiro S.C”, constituída por dous irmáns do municipio de Abegondo (unha muller coa titulación de veterinaria e o seu irmán)

Os investimentos deste proxecto comprende a obra civil de acondicionamento do local, equipo e instrumental da clínica, utensilios de perruquería, equipamento de oficina e o rótulo publicitario.

Esta sociedade civil adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo, colectivo desfavorecido.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 27.847,19-€ (23.599,31 sen IVE).

Con data 24 de xaneiro de 2014, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 84,83 puntos, correspondéndolle un 45 % de axuda do Programa Leader que ascende a 10.619,69-€.

Este proxecto activarase nun 100% na anualidade 2014

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.2 CONSTRUCCIÓN PISTA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS L11-413-29-156”.

Con data 21 de decembro de 2011, a entidade promotora do proxecto, ACADEMIA DE TENIS GALEGA S.L., constituída no ano 2006 para a realización de actividades de tenis e padel solicitou unha axuda para a construción duna pista para actividades deportivas e culturais no Concello de Cambre.

No seu comezo adicábase a impartir cursos de tenis e padel en clubs deportivos. Con este proxecto quérese contar cunhas instalacións propias para o desenvolvemento do tenis na zona de Cambre e ofertar este servizo aos cidadáns da comarca.

A pista vaise utilizar para a organización de competicións de tenis e padel tanto federadas como amateur e para a impartición de cursos de formación en diferentes niveis (iniciación, perfeccionamento e competición).

Investimentos do proxecto: obra civil para a construción dunha solera de formigón poroso ao aire libre

Esta sociedade adquire o compromiso de creación de 0,75 UTAs, colectivo desfavorecido. Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 57.856,15-€ (46.162,33 sen IVE).

Con data 04 de febreiro de 2014, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 47,41 puntos, correspondéndolle un 33,71 % de axuda do Programa Leader que ascende a 15.561,32-€.

Este proxecto activarase nun 80% na anualidade 2014 e nun 20% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.3 CREACIÓN CAMPO PITCH AND PUTT EN PADERNE L12-413-29-162”.

Con data 20 de xaneiro de 2014, a entidade promotora do proxecto, AS MARIÑAS PICH AND PUTT S.L., solicitou unha axuda para a construción dun campo de Pitch and Putt no lugar de Chedas na parroquia de Velouzás do Concello de Paderne, coa finalidade de ofrecer un servizo deportivo e de ocio no Concello de Paderne (non existe este servizo no Concello). Na actualidade non existe un campo de Pich and Putt no territorio Mariñas-Betanzos, polo que este proxecto vai ofrecer un novo servizo deportivo á poboación.

Os investimentos deste proxecto consisten na obra civil da construción do campo.

Esta sociedade adquire o compromiso de creación de 0,75 UTAs, colectivo desfavorecido.

Xa teñen creado a páxina web en castelán e galego “ www.golfpaderne.com” e presentaron un dosier publicitario en galego.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES. Os investimentos deste proxecto ascenden a 248.645,46-€ (210.716,49.-€sen IVE).

Con data 20 de xaneiro de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 71 puntos, correspondéndolle un 45 % de axuda do Programa Leader que ascende a 94.822,42-€.

Este proxecto activarase nun 60% na anualidade 2014 e nun 40% na anualidade 2015

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.4 AMPLIACIÓN ACTIVIDADES SERRADOIRO EN CARRAL L13-411-29-218”.

Con data 05 de setembro de 2013, o promotor do proxecto, Andrés Seoane Villaverde, solicitou unha axuda para ampliar a actividade do serradoiro, levando a cabo un novo servizo de comercio ao por maior de madeira que le facultará para colocar o produto en destino para su posterior transformación.

Coa adquisición do camiión poderá prestar este novo servizo de comercio ao por maior de madeira (epígrafe 617.3) . Investimentos do proxecto: adquisición dun camiión de segunda má. O promotor non adquire o compromiso de creación de emprego, aínda que ten que consolidar 4,74 empregos.

Esta iniciativa encaixa na medida “411-Dinamización do sector agrario e forestal” Transformación e comercialización de produtos forestais. Os investimentos deste proxecto ascenden a 8.282,96-€ (6.854,27 sen IVE).

Con data 05 de setembro de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 57 puntos, correspondéndolle un 38,5 % de axuda do Programa Leader que ascende a 2.638,89-€.

Este proxecto activarase nun 100% na anualidade 2014.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.5. IMPLANTACIÓN DUNHA EMPRESA DE FABRICACIÓN DE PEZAS DE MADEIRA PARA O SECTOR DE CARPINTERÍA L11-41300-29-0122.

Con data 28 de setembro de 2011, a promotora do proxecto, Pilar Prado Seoane, solicitou unha axuda para a creación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería.

A promotora desta iniciativa é unha muller (Pilar Prado Seoane) que quere adicarse a esta actividade, xunto co seu marido. O marido da promotora conta na actualidade cunha carpintería no Concello de Oza -Cesuras e considera que a nova empresa vai contribuir a diversificar e incrementar a produción de elementos de madeira.

A nova empresa adicarase a fabricación de marcos, vigas, taboleiros para escaleiras e pasamáns (actividades dunha industria de primeira transformación da madeira). Non se vai vernizar. Os investimentos consisten na construción da nave e na adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento da actividade. A promotora adquire o compromiso de creación dun emprego por conta allea.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Creación de PEMES. Os investimentos deste proxecto ascenden a 166.313,35.-€ (196.249,75.-€ con IVE).

Con data 07 de novembro de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 66 puntos, correspondéndolle un 43 % de axuda do Programa Leader que ascende a 71.514,74-€.

Este proxecto se activará nun 80% na anualidade 2014 e nun 20% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e que se teña en conta a Licenza para primeira transformación; (ollo non é un serradoiro, haberá que xustificar licenza para obras).

3.4.6. AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DUNHA EMPRESA DE SERVIZOS AMBIENTAIS L12-41300-29-0210.

Con data 31 de decembro de 2012, a entidade promotora do proxecto, NAGAR SERVICIOS AMBIENTALES S.L.N.E, solicitou unha axuda para ampliación da actividade dunha empresa de servizos ambientais en Oza dos Ríos

Esta entidade unipersonal foi creada a principios de 2007 para efectuar servizos de silvicultura (desbroces, plantacións forestais, podas...). Dende fai uns anos esta empresa ofrece ademais servizos de xestión medioambiental para empresas e administracións públicas en materia forestal, residuos, augas... Tamén ofrece servizos de formación en medio ambiente e prevención de riscos laborais.

Tódolos servizos descritos foron desenvolvidos dende o domicilio familiar da administradora da sociedade ou desprazándose ó lugar en que se atopa cada cliente, pois esta empresa non conta aínda cun lugar onde establecer a súa base de traballo, o que dificulta o acceso ó cliente particular.

A experiencia recibida durante os anos de traballo desta empresa determinan a decisión de emprender un novo proxecto de actividade enfocado á asesoría integral dos propietarios forestais.

Este novo e pioneiro servizo consiste na atención e acompañamento do propietario forestal en tódolos ámbitos, asesorando dende o momento da compra dunha propiedade ou a plantación da mesma, ata o momento da venda da madeira pasando pola taxación independente da madeira, asesoría xurídica medioambiental, elaboración de proxectos, trámites coa administración, subvencións e asesoría sobre as plantacións. Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición e adaptación do local, creación páxina web, adquisición do mobiliario e equipamento para o desenvolvemento da actividade.

A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Ampliación de PEMES.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 79.628,84.-€ (70.476,76.-€ con IVE).

Con data 10 de marzo de 2013, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 55 puntos, correspondéndolle un 37,50 % de axuda do Programa Leader que ascende a 26.428,79-€.

Este proxecto se activará nun 100% na anualidade 2014.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.7. AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN VILACOBA L12-41300-29-0164.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada “MADERAS J.SEOANE S.L.”, propietaria dun serradoiro en Vilacoba , Abegondo.

Con data 03 de febreiro de 2012, a entidade promotora do proxecto, MADERAS J. SEOANE S.L., solicitou unha axuda para ampliación da actividade dun serradoiro en Vilacoba coa instalación dunha máquina específica para montaxe de palets e deste xeito incrementar o volume de actividade e contribuir á mellora das condicións de traballo dos operarios.

Este proxecto pode contribuir á consolidación da empresa facendoa máis competitiva. Os investimentos deste proxecto consiste na adquisición da máquina para facer palets.

A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego. Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Ampliación de PEMES.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 35.400.-€ (30.000.-€ con IVE).

Con data 18 de febreiro de 2014, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente. Este proxecto acadou un total de 61,83 puntos, correspondéndolle un 40,92 % de axuda do Programa Leader que ascende a 12.276-€.

Este proxecto se activará nun 0,01% na anualidade 2014 e 99,99% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.8. PUNTO DEGUSTACIÓN EN ADEGA DE PADERNE L12-41100-29-188.

O Xerente pasa a expoñer o seguinte proxecto, e o representante da Asociación de Viticultores e Adegueiros de Betanzos, Antonio Buyo auséntase para que os demais membros da Xunta Directiva procedan a valorar o expediente.

Con data 16 de abril de 2012, a entidade promotora do proxecto, BODEGAS VIÑA ÁRTABRA S.C., solicitou unha axuda para un punto degustación en Adega en Paderne.

Este proxecto consiste na creación dun punto de degustación nunha adega que estase construíndo en Paderne dotada con equipos produtivos e maquinaria para obter un produto de máxima calidade e establecer unha zona de cata do produto.

O viño está amparado pola denominación de orixe “Viño da Terra de Betanzos”

Investimentos do proxecto: mobiliario da adega.

A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego. Esta iniciativa encaixa na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal. Os investimentos deste proxecto ascenden a 3.830.-€ sen IVE.

Con data 20 de xuño de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 59,50 puntos, correspondéndolle un 39,75 % de axuda do Programa Leader que ascende a 1.522,43-€.

Este proxecto se activará nun 0.01% na anualidade 2014 e 99,99% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.9. RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE EN BRIBES (CAMBRE) L12-41300-29-194.

Con data 11 de maio de 2012, a entidade promotora do proxecto, CENTRO 3º EDAD RESIDENCIA BRIBES S.L.U, solicitou unha axuda para ampliar a residencia.

Este proxecto produtivo consiste na construción dun novo local para crear 16 prazas de Residencia para a terceira idade na parte superior dun edificio adicado a mesma actividade. A única socia da entidade, Mª Belén Becerra García, ten ampla experiencia nesta actividade.

Mª Belén Becerra conta na actualidade cun centro de día con capacidade para 17 persoas e residencia con capacidade para 24 persoas.

A sociedade “Centro Terceira Idade Residencia Bribes S.L.U” nun principio, vai levar a cabo a xestión das 16 novas prazas de Residencia, aínda que con posterioridade asumirá a xestión do centro de día e residencia de Mª Belen Becerra.

Investimentos do proxecto: obra civil, mobiliario, licencias e proxecto.

A entidade promotora comprométese a crear o equivalente a dous empregos por conta alléa a xornada completa.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 169.193,94.-€ sen IVE (233.304,57.-€ con IVE)

Con data 21 de marzo de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 73,66 puntos, correspondéndolle un 45 % de axuda do Programa Leader que ascende a 76.137,27-€.

Este proxecto se activará nun 80% na anualidade 2014 e 99,99% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.10. AMPLIACIÓN ENTIDADE ADICADA A REFUXIOS DE ANIMAIS II L12-41300-29-0170.

Con data 12 de marzo de 2012, a entidade promotora do proxecto, ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN, solicitou unha axuda para a ampliación da entidade adicada a refuxios de animais.

Con este proxecto vaise ampliar as instalacións do centro de acollida de animais “Gatocan” adicada a recoller animais abandonados coa creación dunha gateira para o coidado de gatos, instalación de luminarias para a iluminación exterior e peche da finca

Os investimentos solicitados consisten na construción dunha gateira, peche da finca, instalación de luminarias e custo de elaboración do proxecto.

A entidade promotora non se compromete a crear emprego. Esta iniciativa encaixa na medida 413.-IV.Servizos para a economía e a poboación rural. Os investimentos deste proxecto ascenden a 40.258,47.-€ con IVE.

Con data 21 de marzo de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 66 puntos, correspondéndolle un 50 % de axuda do Programa Leader que ascende a 20.129,24-€. Este proxecto se activará nun 100% na anualidade 2014.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.11. XORNADAS TÉCNICAS E ACTIVIDADES NO ÁMBITO TERRITORIAL DE MARIÑAS – BETANZOS.

Con data 24 de marzo de 2014, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos informe favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

O proxecto consiste no desenvolvemento de xornadas dirixidas a mellorar as capacidades da poboación local e dos principais axentes que traballan no territorio. O GDR Mariñas – Betanzos. A través destas Xornadas-encontros, seminarios, accións formativas e de divulgación, etc., pretende comprometer aos seus poboadores na conservación dos recursos naturais, desenvolvendo actividades de formación, así como poñendo en marcha experiencias demostrativas de desenvolvemento sostible.

Obxectivos:

- A. Asegurar a recuperación, conservación e protección dos valores ambientais e culturais do territorio, así como fomentar o aproveitamento sostible dos recursos naturais.
- B. Promover a mellora da calidade de vida e o reforzo dos sectores produtivos mediante a súa integración cos obxectivos e principios de conservación e sostibilidade.
- C. Garantir un desenvolvemento sostible do espazo rural é necesario para apoiar a mellora de renda das explotacións de forma integral, incluíndo a mellora da calidade das producións, o respecto ao medio ambiente, o mantemento dos servizos dos ecosistemas e a diversificación das actividades.
- D. Impulsar modelos de produción e consumo máis sostibles.
- E. Implicación das poboacións locais e outros axentes sociais na xestión do territorio.

Esta iniciativa encaixa na medida 431B correspondéndolle o 100% do investimento.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 27.453,40 correspondentes a gastos derivados da organización das xornadas.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A continuación o Xerente do Programa LEADER informa dun proxecto que entrou no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos posteriormente ao envío da Convocatoria de Xunta Directiva.

3.4.12. CREACIÓN CENTRO HÍPICO EN CARRAL L12-413-29-182.

Con data 04 de abril de 2012, o promotor do proxecto, ROBERTO ARES, solicitou unha axuda para a creación dun Centro Hípico en Carral”

O promotor deste proxecto produtivo é a persoa física, Roberto Ares Mosquera, unha persoa xoven que na actualidade conta cun centro hípico en Cambre, onde adícase a doma de cabalos, impartición de clases e aluguer de caballerizas.

Debido a que está tendo máis demanda, o promotor quere ampliar o negocio coa creación dun novo centro en Carral. Este novo centro vaise adicar ao aluguer de caballerizas, clases de ensino de equitación e aluguer de cabalos para efectuar rutas de sendeirismo.

Ademais vai implantar un proxecto de hipoterapia para nenos con minusvalías físicas e psíquicas como sistema terapéutico.

Investimentos do proxecto: obra civil do centro hípico, proxecto e dirección de obra, custo das licencias e adquisición do terreo.

O promotor adquire o compromiso de creación dun emprego por conta allea equivalente a medida xornada, colectivo desfavorecido.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 252.731,88-€ (175.229,77 sen IVE).

Con data 28 de marzo de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 68,5 puntos, correspondéndolle un 44,25 % de axuda do Programa Leader que ascende a 77.539,17-€.

Este proxecto activarase nun 70% na anualidade 2014 e nun 30% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.4.13. MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA EXPLOTACIÓN DE MACEIRAS DE SIDRA.

Con data 08 de abril de 2012, Jose Juan Rico, solicitou unha axuda para a mellora da eficiencia enerxética na explotación de maceiras de sidra.

Con data 21 de marzo de 2014, Agader emitiu o Informe de Control de Elixibilidade desfavorable en base aos seguintes motivos:

“A grúa e a aplicación para a pesaxe dos froitos non supoñen técnicas de produción. Poden mellorar a comodidade no traballo, pero o investimento non ten encaixe nos supostos contemplados no Réxime de Axudas Leader 2007-2013”.

“En canto a maquinaria desbrozadora, existen no mercado cantidades de modelos e sistemas de traballo suficientes para adaptarse ás necesidades de cada plantación. En si mesmos estas máquinas non constitúen ningunha nova técnica de produción xa que existen non mercado dende hai mais de corenta anos”.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

3.5. PECHE EXPEDIENTES DO PROGRAMA LEADER.

Teñen solicitado a desistencia de axuda do Programa Leader dos seguintes expedientes que deberá ser autorizado pola Xunta Directiva:

- A. Con data 11 de febreiro de 2014 a Comunidade de Montes veciñais de San Antón presenta a desistencia de axuda do Programa Leader do expediente "L13-413-29-248 Conservación do patrimonio rural en Mántaras (Irixoa)"

- B. Con data 04 de febreiro de 2014, María Luisa Pérez Pérez presenta a desistencia de axuda do Programa Leader do expediente "L13-411-29-216 Cultivo e procesado de Estevia en Aranga".

A Xunta Directiva autoriza estas desistencias e que sexan comunicadas a Dirección Xeral de AGADER.

O Xerente do Programa LEADER informa aos asistentes que nestes días están entrando resolucións de proxectos que xa foron informados no seu día nas directivas, polo que propón aos asistentes que para axilizar o procedemento dos expedientes, sexan aprobados de novo a través de correo electrónico.

A Xunta Directiva aproba esta proposta.

3.6. SOLICITUDE TRASPASO DE FONDOS ENTRE MEDIDAS.

Non existindo expedientes na medida 412, propónse trasladar os fondos desta medida do ano 2014 á medida 413, (ascenderían a 43.863,96€), e onde hai moitos expedientes con posibilidades de activación na medida 413.

A Xunta Directiva autoriza este traspaso e que fagan os trámites oportunos para ser comunicado a AGADER, recuperándose no ano 2015 se houberse expedientes non produtivos.

4. INFORME DE ACTIVIDADES:

4.1. XORNADAS DESENVOLVIDAS

4.1.1. Oportunidades dos produtos locais para o emprendemento no sector agroalimentario (26/02/2014 no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo).

4.1.2. I Maratón ornitolóxica na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. (15/03/2014. Entrega de premios no Concello de Arteixo)

4.1.3. Celebración conxunta da día da árbore (21 de marzo de 2014 nos 17 Concellos do ámbito territorial de "Mariñas – Betanzos")

4.1.4. I Xornadas de Patrimonio (5 e 6 de abril de 2014 nos Concellos de Betanzos, Carral e Arteixo).

4.2. REUNIÓN TÉCNICAS

4.2.1. Reunión con técnicos de emprego (4 de febreiro de 2014 no Concello de Abegondo)

4.2.2. Reunión con técnicos medioambientais e de turismo. (11 de febreiro de 2014 no Concello de Abegondo)

4.3. PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2013-2014. RURAL-EMPRENDE

Os traballos desenvolvidos ata o momento recóllense de maneira resumida a continuación:

ITINERARIO I “HORTA ECOLÓXICA”

- Desenvolvemento das actuacións formativas segundo programación prevista. A este respecto é necesario resaltar que por mor das condicións climáticas das datas pasadas non foi posible finalizar a instalación dos invernadoiros previstos na Finca A Carballeira (San Pedro de Nós). Como solución adoptada foron trasladadas parte das actividades prácticas á finca de Sta. M^a de Vigo, actualmente posta en explotación pola docente de prácticas.
- Inicio das actuacións de prácticas en empresas.

ITINERARIO II “AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS”

- Desenvolvemento das actuacións formativas segundo programación prevista. Entre as actividades desenvolvidas atópanse as seguintes:
 - Elaboración de cabelo de anxo.
 - Trásfegado e sulfitado de sidra artesá.
 - Elaboración de cervexa artesá.
 - Reimplantación de leveduras.
 - Elaboración de viños brancos e tintos.
 - Prácticas de cadea de embotellado.
 - Elaboración de zumes naturais.
- Módulo formativo para a obtención do Carné de Manipulador de alimentos o día 11 de marzo de 2014.
- Inicio das actuacións de prácticas en empresas.

ITINERARIO III “APRENDER A EMPRENDER”

- O pasado 28/02/2014 finalizou a primeira parte dos seminarios dirixidos a emprendedores e desenvolvidos coa colaboración do IGAPE, que foron clausurados polo Director do IGAPE, xunto co Presidente da Asociación.
- O 13/03/2014 deu comeza a segunda parte das actividades programadas, neste caso nas instalacións da Fundación Juana de Vega. Está prevista a realización dun total de 10 seminarios aos que asistirán como relatores un amplo abano de experto en distintas materias.

5. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.

5.1. ASGAIA INNOVACIÓN (2011-2014)

Avaliacións enerxéticas:

Dentro dos traballos enmarcados neste proxecto de cooperación interterritorial incluíase a realización de estudos/auditorías enerxéticas a unha mostra das empresas participantes do territorio.

En concreto, as industrias participantes no territorio foron as seguintes:

- Casa Beade, S.L. (Paderne).
- Queixos Cagiao (Paderne).
- Helados Gael (Bergondo).
- Panadería Da Cunha (Carral).

O resultado dos traballos efectuados pola empresa *ESEN-Eficiencia y Servicios Energéticos* foron entregados e comentados polos técnicos da Asociación cos responsables das empresas. Ademais, o pasado 28/02/2014, técnicos da empresa adxudicataria desprazáronse ata Abegondo onde se levou a cabo unha xeira de titorías individualizadas coas empresas avaliadas.

Na mesma liña, aínda que con carácter alleo ao presente proxecto de cooperación, cómpre resaltar que recentemente se ten recibido na Asociación a oferta por parte de dúas empresas galegas (EFIGAL NORTE, de Lugo e AESE3, de A Coruña) para a realización de inspeccións enerxéticas gratuítas para os asociados de Mariñas-Betanzos.

6. PRESENTACIÓN ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2013, INFORME DE ACTIVIDADES DO ANO 2014 E CONVOCATORIA DE ASSEMBLEA XERAL: PROPOSTA DE DATA E FIXACIÓN DA ORDE DO DÍA.

Preséntanse as actividades e contas do ano 2013, así como o orzamento para o ano 2014 para a súa aprobación, sendo aprobado pola Xunta Directiva.

Acórdase a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria para o vindeiro 26 de maio de 2014 (pendente dispoñibilidade do Salón de Actos), ás 18.00 horas en primeira convocatoria e ás 18.30 horas en segunda, no Salón de actos do Local Social de A Senra do Concello de Bergondo.

Acórdanse como puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral Ordinaria: 1) Aprobación das actividades e das contas anuais do ano 2013; 2) Actividades e aprobación orzamento para o ano 2014; 3) Autorización La Caixa : Aperturar, pechar e realizar movementos de saldos das contas a

nome da Asociación, así como facultades, para aperturar, pechar e renovar, a concesión de crédito, avais, tarxeta, prestamos e calquera tipo de financiamento en nome da asociación así como os trámites pertinentes para a súa concesión. 4) Aprobación Plan de Xestión da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; 5) Ratificación dos novos cargos da Xunta Directiva 6) Informe sobre a Solicitud de Utilidade Pública 6) Rogos e preguntas.

Previo a esta Asemblea Xeral, celebraríase ás 17 horas unha reunión de Xunta Directiva, co obxecto principal de que elixan os cargos para ser ratificados pola Asemblea Xeral.

Propónse realizar tamén neste día a Conmemoración da Declaración como Reserva de Biosfera, organizando actividades/seminarios polo mañá.

A Xunta Directiva autoriza a que se presenten na Asemblea Xeral para a súa aprobación as contas anuais, así como a memoria de actividades do ano 2013, así como orzamento e actividades para o 2014.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.15 horas.

En Abegondo, a 31 de marzo de 2014

O Secretario accidental
Asdo.: D. Rodrigo López Piquín

Vº e praxe Presidencia
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes